

A nosa ref: 23

Asunto: Bases da convocatoria de concurso-oposición para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos.

Expediente: 2022/G003/001166

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Vista a Providencia desta Concellería do 14 de xuño de 2022 con CVD: iB+UpAuFCA117DtSVi3q, pola que solicita á Área de Urbanismo e Réxime Interior, informe e que se inicie o procedemento necesario para a elaboración das bases da convocatoria para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior en data 23 de xuño de 2022, coa conformidade do interventor, con CVD: ZS5qqs7cAAWwWTHwuSm7.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

Primeiro: .- Convocar proceso de selección para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos.

Segundo: .- Aprobar as Bases reguladoras desta convocatoria que a continuación se indican:

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA RELACIÓN DE CANDIDATOS PARA NOMEAMENTOS DE AXENTES DE PROTECCIÓN CIVIL INTERINOS.

Primeira: Obxecto da convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos, encadrados na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo C-2, consonte principalmente ás disposicións contidas nos seguintes textos normativos:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado Real decreto legislativo 781/1986.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.

- Orde do Ministerio de Administracións Públicas, APU/1461/2002, de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.

Segunda: Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición en consideración ás específicas funcións e ao contido práctico dos postos a cubrir que precisan da realización dunha proba práctica para demostrar a idoneidade dos candidatos.

Terceira: Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitido ás probas será necesario:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional daqueles outros Estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de ESO, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente ou estar en posesión de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

f) Estar en posesión do permiso de conducir da clase C.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data de nomeamento.

Cuarta: Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello no prazo de 7 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria nun dos xornais de principal difusión da provincia. Anuncio que será publicado igualmente xunto coas bases desta convocatoria na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.org, e nos taboleiros de anuncios municipais.

As instancias poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16.4 e 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar nunha solicitude dirixida ao alcalde do Concello de Cambre, na que farán constar que reúnen tódolos requisitos sinalados na base terceira anterior, e á que deberán unir os documentos acreditativos, orixinais ou copias compulsadas, dos méritos que aleguen.

Se a solicitude preséntase de maneira presencial no Rexistro municipal, os documentos acreditativos dos méritos deberanse presentar en orixinal ou en copia compulsada para a súa dixitalización, de conformidade co artigo 16-5 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Igualmente teranse que presentar en orixinal ou copia compulsada os documentos que se presenten de maneira presencial, a través das outras oficinas relacionadas no artigo 16-4 da Lei 39/2015 indicada, ben para a súa dixitalización ou ben para a súa directa remisión se carecen de rexistro electrónico.

Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Os aspirantes que presenten os documentos acreditativos dos méritos que aleguen a través da sede electrónica e non de maneira presencial serán requiridos polo tribunal cualificador para a presentación dos documentos orixinais ou copias compulsadas dos mesmos antes da confección da relación de candidatos para nomeamentos interinos se puidesen atoparse na mesma, para a debida acreditación dos méritos valorados.

Xunto coa instancia achegarán:

- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de inscrición.
- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a listaxe provisional de admitidos/excluídos que será publicada nos taboleiros de edictos deste Concello e na páxina web municipal concedéndose o prazo de dous días para reclamacións. Ditas reclamacións, se as houbera, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web municipal.

Quinta: Dereitos de inscrición.

Vinte (20) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6, con unha redución do 50% para os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, alúmenos, de 6 meses anteriores á data desta convocatoria, feito que deberán xustificar mediante un certificado de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego.

O pago realizarase preferiblemente mediante transferencia bancaria no IBAN: E13 0049 3063 3721 1400 3540, debendo indicar na descrición da transferencia o DNI/NIE con nome e apelidos do solicitante e o proceso selectivo ao que se presenta e o nome do Concello de Cambre como beneficiario, ou ben directamente na Tesourería municipal ou por xiro postal ou telegráfico dirixido á Tesourería Municipal.

Sexta: Desenvolvemento do concurso-oposición:

FASE DE CONCURSO

A fase de concurso que será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

Para dita fase, os aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán nesta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

1.- Experiencia laboral:

- Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados en postos de traballo de axente de protección civil ou similar en entidades locais: 0,15 puntos ata un máximo de 5 puntos.
- Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados en postos de traballo de axente de protección civil ou similar en Administracións Públicas distinta da local: 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.
- Por cada mes completo ou suma de 140 horas de servizos prestado en postos de traballo similares ao de axente de protección civil na empresa privada : 0,05 puntos ata un máximo de 2 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia laboral por meses completos e non por horas unicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais, en calquera das distintas actividades.

Estes méritos acreditaranse mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron servizos ou cos contratos de traballo acompañados, en ambos casos, do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A puntuación máxima por experiencia laboral será de 10 puntos.

2.-Formación:

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas en materia de protección civil impartidos ou financiados polas Administracións públicas ou por entes dependentes das mesmas, por Universidades así como por Colexios profesionais, por cada un deles:

- De duración de ata 19 horas: 0,05 puntos.
- De duración entre 20 e 50 horas: 0,10 puntos.
- De duración entre 51 e 80 horas: 0,20 puntos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- De duración entre 81 e 100 horas: 0,40 puntos.
- De duración entre 101 en diante: 0,50 puntos.

A puntuación máxima por cursos, seminarios e xornadas será de 3 puntos.

Os diplomas, certificacións ou documentos que acrediten a realización de cursos ou xornadas deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indica as horas de duración a puntuación que se outorgará será a mínima de 0,05 puntos por curso, seminario ou xornadas.

3.- Probas selectivas superadas.

Pola superación de exercicios en procesos selectivos para o acceso como funcionario de carreira a corpos ou escalas da Administración Pública ou a postos da mesma de réxime laboral fixo que sexan do mesmo grupo de titulación e igual ámbito funcional que o correspondente ao posto a cubrir, sempre e cando se tivesen celebrado nos dous anos anteriores á publicación deste convocatoria:

- 0,50 puntos por exercicio superado. Neste caso a puntuación máxima que se pode obter será de 2 puntos.

Para a xustificación do mérito das probas selectivas superadas se precisarán certificación da Administración Pública onde se superaron.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñeráse nos taboleiros de anuncios municipais e na páxina web do Concello de Cambre: "www.cambre.org".

4. Colaboración voluntaria:

Por colaboración voluntaria en protección civil do concello de Cambre: 0,05 puntos por cada 65 horas de servizos prestados ata un máximo de 1 punto.

Por colaboración voluntaria en protección civil doutras Administracións Públicas: 0,03 por cada 65 horas de servizos prestados ata un máximo de 0,5 puntos.

A puntuación total máxima por colaboración voluntaria será de 1 punto.

Para os efectos da valoración será necesario certificado da Administración correspondente co detalle de número de horas de servizos prestados como voluntario de protección civil.

5. Coñecemento do galego:

- Certificado de aptitude de lingua galega oral ou Celga 1: 0,10 puntos.
- Celga 2: 0,20 puntos.
- Curso de iniciación ou Celga 3: 0,30 puntos.
- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.
- Curso linguaxe administrativa galega, nivel medio: 0,75 puntos.
- Curso linguaxe administrativa galega, nivel superior: 1,00 punto.

A puntuación máxima por coñecemento do galego será de 1 punto. Soamente se valorará o de maior puntuación.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñeráse nos taboleiros de anuncios municipais e na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.org. Durante o prazo de tres días contado a partir da publicación de tal anuncio, polos interesados se poderán presentar as alegacións que se estimen pertinentes ás puntuacións outorgadas que serán resoltas polo tribunal cualificador. Pasarán a ser definitivas as puntuacións publicadas se non se presentasen alegacións sobre o particular. Neste anuncio indícase igualmente o lugar, día e hora de comezo do exercicio da fase de oposición, cunha antelación mínima de tres días hábiles.

FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá na realización dun único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio que estará constituído por dúas partes:

1ª PARTE: Constará de tres probas sendo necesario superar todas e cada una delas para ser declarado apto e pasar á segunda parte, quedando excluído en caso contrario:

1ª proba: Carreira de 1 quilómetro en circuíto chairo. Outorgaráselle a cualificación de apto aos candidatos que a realicen a carreira nun tempo máximo de 4 minutos e 10 segundos no caso dos aspirantes masculinos, e de 5 minutos e 30 segundos no caso de aspirantes femininas, sendo eliminados os candidatos que non alcancen a cualificación de apto.

2ª proba: Andaina de 3.200 metros con mochila. Consistirá en camiñar unha distancia de 3.200 metros chairos, cun peso de 11 quilos ó lombo para os aspirantes masculinos, e un peso de 8 quilos para as aspirantes femininas, durante un tempo máximo de 30 minutos. Outorgaráselle a cualificación de apto aos candidatos que o consigan e serán eliminados os que non alcancen a cualificación de apto.

3ª proba: Press de banca.

O aspirante deberá realizar 30 repeticións utilizando unha barra e discos cun peso total do conxunto de 40 kg e un tempo máximo de 45 segundos para homes e 20 kg e un tempo máximo de 60 segundos para mulleres .

Para iniciar a realización do exercicio o aspirante situarase en posición de decúbito supino nun banco plano cos glúteos, cadeiras e ombreiros sobre o banco. Os pés deben apoiarse e permanecer no chan durante o exercicio.

As mans deberán tomar a barra de maneira que as palmas miren cara a adiante, é dicir, en pronación, e separadas lixeiramente máis aló da anchura dos ombreiros.

Unha repetición correctamente executada considerarase baixar a barra dende a posición inicial (brazos estendidos), ata tocar o peito e subila novamente. A extensión dos brazos deberá ser completa, non serán contabilizadas as repeticións que non toquen o peito na posición baixa ou nas que non se realice a extensión completa na posición alta.

Á voz de "LISTO" o aspirante liberará a barra do soporte de fixación e manterá a barra da posición inicial. Á voz de "XA" comezará a execución do exercicio de press de banca e comezará a cronometrarse o tempo.

Durante a realización do exercicio o aspirante non poderá volver colocar a barra nos soportes de fixación ata completar as 30 repeticións. Será motivo de descalificación da proba.

2ª PARTE: Consistirá na realización dun suposto práctico sobre as funcións a desenvolver en protección civil (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, actuacións en caso de incendios, etc), durante un tempo máximo de media hora.

O tribunal determinará este suposto práctico a realizar instantes antes da celebración do exercicio, e valorarase a pericia na actuación, medidas de seguridade adoptadas, tempo e boa execución.

Os aspirantes serán convocados para cada proba en chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As razóns ou documentos xustificativos da ausencia formularanse dentro das 24 horas seguintes á celebración destas probas.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento e ao longo da realización das correspondentes probas.

Sétima: Cualificación do concurso-oposición.

A primeira parte do exercicio da oposición será cualificada de apta ou non apta.

A segunda parte do exercicio será cualificado ata un máximo de dez puntos, sendo eliminados os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos nel.

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do tribunal será de 0 a 10. A cualificación de cada exercicio se adoptará sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes de aquel, sendo o cociente a cualificación obtida.

A cualificación final do concurso-oposición será o resultado da suma da puntuación obtida na segunda parte do exercicio da fase de oposición e a obtida na valoración de méritos.

Oitava: Tribunal cualificador.

Con arranxo aos principios de imparcialidade e profesionalidade e de conformidade cos artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 e 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, o Tribunal estará constituído por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas, que deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo.

O Tribunal estará constituído por un presidente, secretario e tres vocais e a designación nominal dos mesmos e dos seus suplentes realizarase a través da resolución municipal que aprobe a lista provisional de admitidos/excluídos e será publicada ca mesma.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do Tribunal están suxeitos ó disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector

público sobre causas de abstención e recusación e aos dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Novena: Relación de candidatos para nomeamentos de axentes de protección civil interinos.

Rematado o proceso selectivo confeccionarase a relación de candidatos cos aspirantes aprobados na fase de oposición e coa puntuación acadada no conxunto do concurso-oposición para poder ser utilizada para nomeamentos de axentes de protección civil interinos.

Esta relación, confeccionada por orde de puntuación de maior a menor, publicarase na paxina web municipal e no taboleiro de anuncios municipal e poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista.

No caso de empate, terá prioridade aquel aspirante que houbese tido mais puntos no exercicio de oposición. De persistir o empate terá prioridade o aspirante con mais puntos no apartado de experiencia profesional e se segue persistindo o empate terá prioridade o aspirante de maior idade sobre o de menor idade.

Os chamamentos faranse polo medio mais áxil que permita ter constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto fora urxente, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Nestes supostos o funcionario que o realice fará constar mediante dilixencia a realización do mesmo, e se tivo ou non resposta.

Os integrantes da relación serán responsables de manter actualizados os seus datos de contacto, comunicando calquera cambio de correo electrónico e/ou teléfono dos facilitados na solicitude.

Cando un dos aspirantes incluídos na relación fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para un novo nomeamento.

Cando un dos aspirantes non acepte un chamamento, pasará ao último lugar da relación de candidatos e unicamente volverá a ser chamado cando fosen chamados tódolos restantes aspirantes da relación, salvo que nese momento poida acreditar que se atopa de baixa médica, embarazo, descanso por nacemento e coidado de menor, ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado onde poderá manter o seu posto na lista, previa xustificación da circunstancia na que se atopa.

O aspirante chamado para o servizo deberá presentar os documentos que se relacionan na Base seguinte no prazo de 3 días contado a partir do chamamento.

Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presentase a súa documentación ou non acadase os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidera incorrer por falsidade na súa solicitude para participar no proceso selectivo.

O Tribunal elevará a citada relación ao órgano competente para o nomeamento correspondente.

Décima: Presentación documentos.

Os aspirantes chamados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Cambre os documentos que seguidamente se relacionan:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.
- b) Fotocopia do título e do permiso de conducir esixidos que deben acompañar dos seus orixinais para ser debidamente compulsados, ou, no seu defecto, os xustificantes de ter abonado os dereitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de remate do prazo de presentación das solicitudes de admisión ao proceso selectivo, deberán xustificar debidamente o momento de remate dos estudos correspondentes.
- c) Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin de atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- e) Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes tarefas ou funcións.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Os que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incurrir por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo. Neste caso, igual que para a renuncia, será proposto para o seu nomeamento o seguinte aspirante por estrita orde de puntuación da lista de candidatos para nomeamentos interinos.

Décima primeira.- Nomeamento e toma de posesión.

O aspirante chamado que presente a documentación preceptiva será nomeado funcionario interino polo Presidente da Corporación ou Concelleiro delegado, e deberá tomar posesión no prazo de dous días contando desde o día seguinte ó que se lle notifique o citado nomeamento. Quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera dentro do prazo sinalado.

Décima segunda.- Incidencias.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décima terceira.- Impugnación.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

A concelleira delegada

María Dolores Pan Lesta

Dou fe

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo